



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 30 DE XANEIRO DE 2017

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 30 de xaneiro de 2017

HORA DE COMEZO: 20:10

HORA DE REMATE: 21:00 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D. Heitor Mera Herbelo, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ORDINARIA da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 16 DE XANEIRO DE 2017

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 16 de xaneiro de 2017.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

2.A.1) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



NOME	LUGAR INSTALACIÓN
COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "GARAJES ROSALÍA" (REPRESENTADA POR COMUNIDADES MORRAZO)	Rúa Noria, nº 2-Cangas. Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 0391, concedido en XGL do día 10.08.2001 á CCPP "Garajes Rosalía". Condiçãoase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

2.A.2) SOLICITUDES DE BAIXA DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE

Examinada a solicitude presentada o día 23.01.2017 por M.L.S.F., na que demanda a baixa do sinal de pasaxe permanente que ten instalado en rúa Longán, nº27-Coiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o/a interesado/interesada está ao corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte do/da interesado/interesada se proceda á devolución da placa de referencia no Departamento de Tesourería.

TERCEIRO.- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ao cobro a taxa correspondente.

2.B) SOLICITUDE DE J.A.G.G. S/SINALIZACIÓN HORIZONTAL

Vista a solicitude presentada o día 02.02.2016 por J.A.G.G., na que demanda a sinalización horizontal con liñas amarelas correspondentes ó sinal de pasaxe permanente que ten instalado en rúa Telleiro, nº8 do Espírito Santo-Coiro.

Visto, así mesmo o informe favorable emitido en data 26.01.2017 pola Policía Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda aprobar a solicitude de sinalización horizontal realizada polo Sr. G.G.



Concello de Cangas

2.C) PROPOSTA DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN DE LIMITACIÓN DE VELOCIDADE EN BAIXADA A XIMEU

Dáse conta de proposta do día 30.01.2017 da Policía Local, referente a sinalización de limitación de velocidade en Baixada a Ximeu, na que se indica o seguinte:

"Nº REX: 132/17

ASUNTO: PROPOSTA DE SINALIZACIÓN DE LIMITACIÓN DE VELOCIDADE EN BAIXADA A XIMEU

O Departamento de sinalización da Policía Local, por medio do presente informe fai constar:

Dada da estreiteza existente na Baixada do Camino de Ximeu, propoñemos un sinal vertical de limitación de velocidade a 20 Km/h (R-301-20).

Tamén facemos constar que parte do muro que linda con dita baixada á man esquerda está cedendo en varios puntos deste".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda o seguinte:

Primeiro.- Aprobar a proposta transcrita anteriormente da Policía Local, referente a sinalización de limitación de velocidade en Baixada a Ximeu.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Policía Local e Urbanismo.

3º.- DACIÓN DE CONTA DE CRITERIOS DO SERVIZO PROVINCIAL DE COSTAS DE PONTEVEDRA E DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE PARA A CONCESIÓN DE QUIOSCOS DE TEMPADA-ANO 2017

Dáse conta de escrito de data 11.01.2017 (R. entrada nº 587 do 13.01.2017) do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, no que se achega documentación sobre os criterios a ter en conta na elaboración e explotación dos servizos de tempada, anuncio de información pública e solicitude de informe sobre as solicitudes de ocupacións temporais de dominio público marítimo-terrestre, de conformidade co artigo 152.6 do regulamento; así como condicións xerais para a explotación dos servizos desmontables de tempada do ano 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, quedar informada do escrito do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, no que se achega documentación sobre os criterios a ter en conta na elaboración e explotación dos servizos de tempada para o ano 2017.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

URBANISMO E PATRIMONIO

4º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 26 DE XANEIRO DE 2017, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS

4.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

4.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licencias urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberá selle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 26.209.- A A.I.P.V., con enderezo na Graña, s/n-A Pedreira-Coiro, para en solo de núcleo rural: SNUA, construír cerramentos laterais e un muro interior de parcela sito no referido lugar, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico R.S.C. de novembro de 2016. O presuposto de execución material ascende a catro mil oitocentos trinta e cinco euros con oitenta céntimos (4.835,80 €).

EXPEDIENTE Nº 26.242.- A J.H.L., con enderezo no no Igrexario, nº 57-O Hío, para en Prado-O Igrexario-O Hío, dividir un local comercial, en dous locais comerciais resultantes, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico J.P.Y., de decembro de 2016. O local "A" cunha superficie útil de 204,09 m²., e o local "B" cunha superficie útil de 44,30 m²., o presuposto de execución material de obra ascende a mil douscentos oitenta e sete euros con trinta céntimos (1.287,30 €).

Formalizarase perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Antes do inicio da actividade deberá presentar certificado final de obra e das instalacións.

4.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.897.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR J.M.R.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 20 de xaneiro de 2017, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a J.M.R., con enderezo na Avda. de Bueu, nº27-1ºD-Cangas, para vivenda sita en Circundado Carrizal-A Rosada-Coiro, construída ao abeiro da licenza municipal Nº24.091.

Concello de Cangas



Concello de Cangas

b) Así mesmo apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

EXPEDIENTE Nº 25.262.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR U.P.A. E M.C.R.G.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 24 de xaneiro de 2017, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a U.P.A. e M.C.R.G., con enderezo en rúa Pi y Margall, nº7-1ºA-Vigo, para vivenda, sita no Outeiro de Balea-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 24.135.

b) Así mesmo apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

4.A.3) EXPEDIENTES SOBRE A MESA

EXPEDIENTE Nº 22.350.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR B.L.V.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 24 de xaneiro de 2017, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a B.L.V., con enderezo en rúa Pi y Margall, nº108- 1ºesq.-Vigo, para vivenda, sita nas Fenteiras-O Hío, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 22.250.

b) Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

5º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTES Nº 26.229.- A A.N.B., para substitución de muro de bloque por muro de pedra nunha superficie de 22,30 ml., sito en Travesía Atranco, nº 17-Coiro, de conformidade co proxecto elaborado pola arquitecta técnica M.G.B.

O presuposto de execución material ascende a catro mil trescentos dezaioito euros con cinco céntimos (4.318,05 €).

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

EXPEDIENTES Nº 26.231.- A S.T.S.M., para reparación de cuberta da vivenda, sita no Freixo, nº 45-Coiro, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico R.S.C.

O presuposto de execución material ascende a mil cento tres euros con cincuenta e dous céntimos (1.103,52 €).

EXPEDIENTES Nº 26.232.- A E.P.G., para cerramento de local, sito na Avda. Ourense 27-baixo-local 8-Cangas.

APERTURAS

EXPEDIENTE Nº 1.965/16.- A "SALUD AMBIENTAL Y ANIMAL DEL MORRAZO SL", apertura de local para clínica veterinaria, sito en rúa Arrecife, nº 12-D-Cangas.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

6º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

6.A) PROPOSTA DE ALTA NO SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 25.01.2017, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

“PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

** Concederlle a SUGG, co expediente nº 36008/02/002525-VI0000052659, o servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.*
- Atención de carácter doméstico e da vivenda.*

Custo do servizo: *oitocentos cincuenta e oito euros con trinta e un céntimos (858,31 €).*

Achega económica da persoa usuaria (segundo a capacidade económica): *cento trinta e seis euros con cincuenta céntimos (136,50 €/mes).*

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Número de horas: 70 horas.

Data prevista de alta no SAF: febreiro de 2017".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

6.B) PROPOSTA DE ALTA NO SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 25.01.2017, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

** Concederlle do servizo de Axuda no Fogar a APC, co expediente nº 36008/01/002619-54519, a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.*
- Atención de carácter psicosocial.*
- Atencións de carácter doméstico.*

- Número de horas mensuais: 35 horas.

Custo do servizo: catrocentos vinte e nove euros con dez céntimos (429,10 €) (doce euros con vinte e seis céntimos 12,26 €/hora).

O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de setecentos oitenta e sete euros con cincuenta e un céntimos (787,51 €/mes), cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custo do servizo de dous euros con tres céntimos (2,03 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: setenta euros con noventa e nove céntimos (70,99 €/mes).

Data prevista de alta no SAF: 26 de xaneiro de 2017".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

7º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE S/CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, do día 30.01.2017, relativa á concesión de axudas de emerxencia social, que di:

"Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por PRR, e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de trescentos noventa e nove euros con trinta e oito céntimos (399,38 €)".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

8º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/AUTORIZACIÓN DA TRANSMISIÓN DO POSTO DE CARNICERÍA Nº 12 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

Dase conta de proposta do día 26.01.2017 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a autorización da transmisión do posto de carnicería nº12 do Mercado Municipal de Abastos, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA A CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A AUTORIZACIÓN DA TRANSMISIÓN DO POSTO DE CARNICERÍA Nº 12 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

ANTECEDENTES

I.- Por escrito de data de rexistro de entrada do día 11.01.2017 (entrada nº 288), J.P.C., con enderezo a efectos de notificacións en Outeiro-Coiro, nº 12-Cangas, manifestou a súa intención de transmitir o posto de carnicería do que é titular (posto nº 12) ao seu fillo R.P.R., con enderezo a efectos de notificacións no mesmo domicilio.

II.- Por escrito de data de rexistro de entrada do día 25.01.2017 (entrada nº 760), achegan á solicitude escrito asinado por ambas no que manifestan a súa intención de transmitir e adquirir respectivamente a concesión sobre o posto de carnicería citado por concorrer a circunstancia prevista no artigo 31.3.a) do Regulamento do Mercado de Abastos de Cangas (parentesco dentro do 1º grao) e solicitan a autorización municipal requirida polo artigo 31 para a transmisión.

III.- Achegan tamén a documentación xustificativa do parentesco (copia do

Concello de Cangas



Concello de Cangas

libro de familia) e xustificante do ingreso da taxa por transmisión do posto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente regula a transmisión dos postos nos artigos 30 e seguintes. En concreto o artigo 30 establece: 'A transmisión dos postos deberá realizarse da maneira que dispón o artigo seguinte, quedando prohibida calquera outro tipo de transmisión'. O artigo 31 entre os supostos admitidos de transmisión establece no seu apartado 3.a) o suposto de transmisión Inter vivos a favor de parentes ata o 3º grao.

A continuación o citado artigo dispon que: 'No suposto terceiro de transmisión íter vivos, deberá comunicarse ao Concello a intención de transmisión da concesión sobre o posto, mediante escrito dirixido ó concello onde o transmitinte e o que pretenda adquirir manifesten que teñen a intención de transmitirlo e que acrediten se se dan algunha das circunstancias que xustifican a transmisión íter vivos. Se o concello autoriza a transmisión, dispón dun prazo de dous meses desde a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, enténdese que non se levou a cabo e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmita a concesión. En tanto non se comunique que se formalizou a transmisión íter vivos, enténdese que o concesionario é o anterior a autorización municipal a todos os efectos. O que pretende sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalice e o comunique ao concello no prazo indicado adquirir dita condición e polo tanto adquirir o posto, no suposto terceiro de transmisión íter vivos'.

Respecto da autorización municipal, o artigo 33 dispón que: '(...) Calquera transmisión ou gravame require da autorización previa nos termos previstos no artigo 31 e 32. Se se leva a cabo sen autorización previa determina a extinción sen dereito a indemnización'.

II.- Do que antecede e segundo a documentación que se achega resulta que estamos ante un suposto de transmisión dos postos na praza permitido no regulamento, en concreto no suposto de transmisión íter vivos por parentesco dentro do Iº grao, condición esta que se acredita cos documentos achegados xunto coa solicitude de autorización.

III.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para autorizar a transmisión de postos no mercado, segundo o disposto no apartado D) do artigo 28 do regulamento, polo que de acordo cos antecedentes e consideracións xurídicas efectuadas cabe outorgar a autorización solicitada.

IV.- De acordo co disposto no artigo 30 do regulamento, de perfeccionarse a transmisión, o novo titular sucederá en todos dereitos e obrigas ao anterior titular. Respecto da duración da concesión transmitida contará para o novo concesionario desde a data de inicio da concesión e non desde a transmisión.

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Autorizar a transmisión da condición de concesionario do posto de carnicería nº 12 do Mercado Municipal de Abastos de Cangas, do que é titular J.P.C., a favor do seu filio R.P.R., debendo comunicar ao Concello no prazo de dous meses desde a notificación do acordo de autorización que a transmisión se realizou.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Tesourería advertindo que pon fin á vía administrativa, polo que contra este pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo perante o alcalde deste Concello, no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade eos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, perante os xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso -administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso que puidese estimar mais conveniente ao seu dereito”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a autorización da transmisión do posto de carnicería nº12 do Mercado Municipal de Abastos.

9º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/PRÓRROGA DA LICENZA MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2017

Dase conta de proposta do día 26.01.2017 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a prórroga da licenza municipal de venda ambulante para o ano 2017, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL SOBRE RENOVACIÓN DE POSTO DE VENDA AMBULANTE

ANTECEDENTES:

1º.- Por resolución da Alcaldía de data 27.10.2015 iniciouse expediente sancionador contra L.L.S. baixo a referencia V-15/045, que dispuxo a

Concello de Cangas



Concello de Cangas

suspensión provisional da actividade de venda ambulante para o que o interesado estaba autorizado.

2º.- Por resolución de data 07/01/2016 dispúxose, a consecuencia da suspensión adoptada, deixar sen efecto, por inexistencia do feito impositivo, o cobro da taxa derivada da aplicación da Ordenanza fiscal nº 20 reguladora da taxa por aproveitamentos especiais con instalación de postos de venda na vía pública autorizados ao abeiro da ordenanza municipal reguladora da venda ambulante do Concello de Cangas.

3º.- Por resolución da Alcaldía de data 30 de decembro de 2016 dispúxose a terminación do procedemento citado e o levantamento da suspensión provisional de actividade acordada na tramitación do citado expediente condicionando ese levantamento e a conseguinte reanudación da actividade a que o interesado acreditase que segue a cumprir coas obrigas que a normativa vixente esixe para o exercicio da venda ambulante. Por tal motivo foi requirido para que presentase no prazo que se lle outorgaba a documentación acreditativa da concorrencia dos requisitos que habilitan para o exercicio da venda ambulante no Concello de Cangas seguindo a tramitación prevista na ordenanza para as renovacións anuais da autorización e achegándolle para tal fin coa notificación da presente resolución o modelo de instancia previsto para as renovacións de cara a 2017 de tal xeito que a presentación correcta da documentación solicitada autorizaría ao interesado para o exercicio da actividade durante todo o ano 2017.

4º.- Dentro do prazo outorgado L.L.S., con domicilio a efectos de notificacións en Rúa Malladoura, nº 11-1º-CP 36400-O Porriño, presentou a documentación que obra no expediente para dar cumprimento ao requirido e poder retomar a actividade.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) establece o réxime xeral aplicable para o exercicio da venda ambulante no termo municipal de Cangas e o seu capítulo VI determina o réxime das autorizacións.

II.- D. L.L.S. atendendo ao requirimento efectuado na resolución da Alcaldía que poñía fin ao expediente sancionador presentou en tempo e forma a documentación precisa, que o acredita para o exercicio da venda ambulante no termo municipal de Cangas, polo que tal e como se dispoñía na citada resolución procede autorizar a súa volta a actividade. A autorización se estenderá de acordo co disposto no artigo 16 do Regulamento municipal de venda ambulante para todo o ano 2017.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

III.- Na actualidade o Concello ten iniciado un proceso dirixido a recolocación dos postos en exercicio das facultades que lle outorgan os artigos 4 e 5 da vixente ordenanza resultando afectado o espazo que viña ocupando, motivo polo que no momento de recuperar a actividade deberá situar o seu posto no novo emprazamento asignado.

IV.- Igualmente a reanudación da actividade suporá consecuentemente o reinicio do cobro da taxa derivada da aplicación da Ordenanza fiscal nº 20 reguladora da taxa por aproveitamentos especiais con instalación de postos de venda na vía pública autorizados ao abeiro da Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante do Concello de Cangas ao volver a concorrer o feito impoñible desta.

V.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais de venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal segundo o artigo 15 do regulamento vixente.

Á vista do anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a D. L.L.S., á reanudación da actividade unha vez que se cumpriu co requirimento establecido na Resolución da Alcaldía de data 30/12/2016 resolutoria do expediente V-15/045, rehabilitando a licenza de venda ambulante da que é titular a todos os efectos, entendéndoa renovada para o ano natural 2017, ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08/04/2013) por cumprir cos requisitos esixidos para a renovación.

Segundo.- Advertir ao interesado que, en base ao establecido no fundamento III do presente acordo, deberá colocar o seu posto no novo lugar asignado polo Concello para o que antes da montaxe deste deberá solicitar dos conserxes do mercado que lle informen da nova situación.

Terceiro.- Advertir ao interesado que deberá ocupar o posto asignado dentro dun período máximo de oito días de mercado seguidos a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo e que de non facelo así se entenderá que existe renuncia voluntaria á autorización nos termos do previsto no artigo 18 do regulamento vixente.

Cuarto.- Reiniciar o cobro da taxa derivada da aplicación da Ordenanza fiscal nº 20 reguladora da taxa por aproveitamentos especiais con instalación de postos de venda na vía pública, autorizados ao abeiro da Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante do Concello de Cangas desde a data de reanudación da actividade ao volver a concorrer o feito impoñible desta. Para tal efecto os conserxes do mercado emitirán informe sobre o reinicio da actividade.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Quinto.- Dar traslado deste acordo ao interesado xunto cos recursos procedentes, así como ao departamento municipais de Tesourería, Estatística e Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, que adoptará as disposicións oportunas para a efectividade do presente acordo”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a prórroga da licenza municipal de venda ambulante para o ano 2017.

PERSOAL

10º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/INICIO DE PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ELABORACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO CONCELLO DE CANGAS

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 26.01.2017, referente ao inicio do procedemento de contratación do Servizo de elaboración da relación de postos de traballo do Concello de Cangas, que di o seguinte:

"Proposta da Alcaldía de inicio

Expediente nº: 55/2017

Asunto: Servizo de elaboración da RPT do Concello de Cangas

Procedemento: Contrato de servizos por procedemento aberto, oferta economicamente mais vantaxosa.

Único criterio de adxudicación: prezo máis baixo.

Fecha de iniciación: 25 de xaneiro de 2017

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a necesidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 90.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local, respecto da obrigatoriedade de que as corporacións locais formen a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública.

Visto o artigo 74 do Estatuto Básico do Empregado Público segundo o cal: 'as administracións públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias'.

Dada a característica do servizo considérase como procedemento mais adecuado o procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa e

Concello de Cangas



Concello de Cangas

único criterio de adxudicación ao prezo máis baixo.

Por todo o exposto, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de contratación do servizo de elaboración da Relación de Postos de Traballo do Concello de Cangas, que incluírá os traballos de estudo, análise, documentación, descrición e valoración de todos os postos de traballo así como a estruturación destes.

SEGUNDO.- Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

TERCEIRO.- Que polo departamento de Apoio Xurídico se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO.- Que polo interventor se faga a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato, e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

QUINTO.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de Secretaria ao respecto”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da Alcaldía, referente ao inicio do procedemento de contratación do Servizo de elaboración da relación de postos de traballo do Concello de Cangas.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 Rd 2568/1986, de 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CANGAS E A “ASOCIACIÓN DE SÍNDROME DE DOWN”

Dase conta de convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e a “Asociación Síndrome de Down”, en materia de integración na sociedade das persoas afectadas por este síndrome.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o

Concello de Cangas



Concello de Cangas

seguinte:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e a "Asociación Síndrome de Down", en materia de integración na sociedade das persoas afectadas por este síndrome.

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para a sinatura do convenio de referencia.

B) DACIÓN DE CONTA DE NORMAS DA AULA DE ESTIMULACIÓN DO CONCELLO DE CANGAS

Dáse conta das normas da Aula de Estimulación do Concello de Cangas, así como do Servizo de Atención Temperá (SAT), que son como seguen:

"AULA DE ESTIMULACIÓN CONCELLO DE CANGAS

GUÍA DE USUARIOS/USUARIAS-CONTRATO ASISTENCIAL

1. IDENTIFICACIÓN E TITULARIDADE DO SERVIZO

O funcionamento destes servizos encádrase en varias situacións: (edificio Xoia: Rúa Andalucía, Nº3 Baixo e na Piscina Municipal "A Balea", así como atención domiciliaria).

Teléfono: 986 39 22 66

Correo electrónico: atencion.tempera@cangas.gal

2. SERVIZO: DEFINICIÓN E CARACTERÍSTICAS

Este servizo ten por obxectivo apoiar o desenvolvemento infantil e a inclusión sociofamiliar dos nenos e as nenas de 6 a 16 anos que o precisen, mediante a realización de actividades destinadas a avaliación e intervención sobre as necesidades específicas que presente o neno ou nena, á súa familia e ao seu contorno.

3. DURACIÓN DOS SERVIZOS

A duración do servizo será a que precise cada neno/nena en función da consecución dos obxectivos de intervención presentados nos correspondentes plans personalizados de intervención (PPI). Será prioritaria a atención aos nenos/nenas mais cativos/cativas, con grave afectación evolutiva ou que non dispoñan doutros medios asistenciais axeitados no seu contorno inmediato.

4. FUNCÍONS

As funcións do Servizo de Atención Temperá son as seguintes:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

- *Acollida, valoración evolutiva e intervención interdisciplinaria dos nenos e nenas con trastornos ou situacións vulnerables do desenvolvemento.*
- *Apoio emocional, social, informativo e formativo á familia relacionado coa información diagnóstica ou co trastorno do desenvolvemento.*
- *Información, orientación e apoio relacionado co desenvolvemento persoal e as necesidades cotiás.*
- *Orientación sobre outros apoios económicos, sanitarios, educativos e sociais.*
- *Coordinación cos recursos sanitarios, educativos e sociais e apoio ás escolas infantís de primeiro e segundo ciclo.*
- *Análise de contextos e itinerarios con identificación de factores facilitadores e barreiras.*
- *Sensibilización do contorno comunitario respecto da comprensión do desenvolvemento infantil.*

5. PERSOAL

O servizo dispón de profesionais con formación en desenvolvemento infantil e apoio familiar que cobren as áreas propias do Servizo de Atención Temperá. 1 pedagoga, 1 fisioterapeuta pediátrica e 1 mestra en audición e linguaxe, aberto a novas incorporacións de profesionais que puideran engadirse.

6. NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

- O servizo dispón dun horario de información e atención ás familias, tras cita previa. Para falar co equipo deberase pedir cita solicitándoa cando traian á nena/neno ou en horario de martes e xoves de 14:30 a 15:30 (986.39.22.66), as reunións teránse cos tres profesionais que forman o servizo.

O horario de atención directa á familia e ao neno ou nena será sempre en función das horas acordadas entre a familia e o servizo, e será realizado polo equipo multidisciplinar.

- Os/as familiares dos/das usuarios/usuarias deberán permanecer nas instalacións onde se levan a cabo as sesións durante dita intervención. Necesitarase da participación activa da familia para acadar o éxito do proceso de intervención, polo tanto, deberanse seguir as pautas de estimulación dadas polo equipo multidisciplinar.

- O mantemento e a frecuencia horaria na atención ao neno/a e á familia estará suxeito á capacidade do servizo e á súa dispoñibilidade horaria.

- Os cambios ou modificacións no réxime de asistencia ao centro deberán informarse á familia coa máxima antelación. No caso de superar as 3 faltas de asistencia sen xustificar (se a falta é por enfermidade deberá traer xustificante médico) procederase os trámites para dar a baixa da nena/neno neste servizo.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Os trámites neste caso serían: informarles as 2 faltas e, tras a terceira, notificaríase por carta a baixa no servizo.

• **NORMAS DA TERAPIA ACUÁTICA:**

- *Os/as usuarios/as manterán limpas as instalacións, utilizando as papeleiras do recinto.*
- *Os/as usuarios/as respectarán e coidarán o material deportivo, mobiliario, así como a totalidade das dependencias.*
- *Está prohibido comer e fumar nas instalacións.*
- *Os/as usuarios deberán comezar e finalizar puntualmente o disfrute das instalacións, respectando os horarios de apertura ao peche destas, deberán estar 15 minutos antes da sesión.*
- *As chaves das taquillas non se poderán sacar fóra das instalacións.*
- *Para acceder ás instalacións será imprescindible que os/as usuarios/usuarias leven o carné de usuario.*
- *En caso de que o/a usuario/usuaria presente algún proceso febril, vírico, feridas, infeccións, ou calquera patoloxía fácilmente transmissible pola auga, absténganse de traelos/traelas as sesións de terapia. Previamente informar á responsable da área de fisioterapia.*
- *A dirección e xestión non se fai responsable dos danos, lesións ou accidentes que poidan ter os/as usuarios/usuarias nas instalación, e en caso de que a lesión sexa por negligencia do persoal ou defectos da instalación, estes incidentes deberán ser comunicados antes de abandonar esta. A entidade que preste o xestione o servizo disporá dun seguro que cobre a responsabilidade civil derivada da súa actividade.*
- *Non se permite a entrada con bicicletas, patíns, monopatíns, animais, envases e obxectos de cristal, así como outros obxectos que, a criterio da dirección da instalación, sexan inaxeitados.*
- *O uso das instalacións debe facerse coa roupa e calzado adecuado (traxe de baño/neopreno, gorro de baño, chanclas e toalla, no caso de non haber control de esfínteres os/as usuarios/usuarias deberán empregar pañales de auga posto que na piscina non poden introducirse materiais empregados para a contención non adaptados para medio acuático como é o caso do pañal normal ou as compresas, salvaslips...).*
- *Prohíbese a realización de fotos e gravacións, sen autorización, con base na Lei orgánica de protección de datos.*
- *Os/as usuarios/usuarias que non vaian a asistir as sesións de terapia acuática deberán avisar con antelación ao teléfono 986392266.*

• **NORMAS DAS VISITAS DOMICILIARIAS:**

- *Avisarase coa suficiente antelación de dita visita, no caso de non poder estar se deberá avisar cunha antelación de dous días posto que a disposición do horario é mais ampla neste caso.*
- *Ditas intervencións serán realizadas polos/polos profesionais da aula de*

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

estimulación ou mais profesionais doutros servizos, previamente informado.

7. RÉXIME ECONÓMICO

O Servizo de Atención Temperá non estará suxeito a contraprestación económica por parte das persoas e as familias que o reciban.

8. MECANISMOS DE INFORMACIÓN

O centro exporá as familias toda aquela información que sexa de interese para o/a seu neno/nena.

9. DEREITOS

Os dereitos das persoas beneficiarias son os legalmente establecidos e recoñecidos segundo a lexislación que regula os servizos sociais. Así mesmo, todas as persoas, en tanto que usuarias dos servizos, terán os seguintes dereitos:

- Utilizar o servizo en condicións de igualdade e sen discriminación por razón de raza, sexo, orientación sexual, estado civil, idade, ideoloxía ou crenza.*
- Recibir un trato acorde á dignidade da persoa e ao respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, tanto por parte do persoal como das persoas implicadas no servizo.*
- Unha intervención individualizada e grupal acorde coas súas necesidades específicas, para conseguir o seu desenvolvemento integral.*
- Recibir información de xeito áxil, suficiente e veraz, e en termos comprensibles.*
- Confidencialidade, sigilo e respecto en relación cos seus datos persoais e a información que sexa coñecida polo servizo en razón da intervención profesional, sen prexuízo do posible acceso a estes no exercicio dunha acción inspectora, de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.*

10. DEBERES

O pai, nai ou titor/titora teñen os seguintes deberes:

- Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso ao servizo, facilitando a información precisa e veraz sobre a unidade familiar, os informes do Sergas, colexio ou gabinete privado e comunicando as variacións que experimenten estas.*
- Informar ao equipo multidisciplinar sobre os tratamentos paralelos que se inicien noutros servizos, posto que non se poderán duplicar as áreas de tratamento.*
- Comunicar ao persoal de referencia coa máxima antelación posible calquera cambio significativo de circunstancias que puidese implicar a interrupción ou modificación substancial da intervención proposta polo servizo.*
- Respectar os horarios das sesións, esperando na recepción a que cada profesional chame á nena ou neno. Os corredores deberán permanecer baleiros e en silencio, é responsabilidade da familia a atención e coidado dos/das*

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

nenos/nenas no tempo de espera na recepción. Cando os familiares sexan convocados a unha hora e cheguen tarde poden non ser atendidos debido ao funcionamento do servizo e dárselles outra cita. Os/as pais/nais que non teñan cita non serán atendidos durante as sesións de intervención.

- Asistir ambos pais/titores as reunións convocadas e no seu lugar as persoas que convivan co/coa neno/nena.*
- Colaborar co persoal encargado de prestarlles a atención necesaria, acudindo ás entrevistas con el e seguindo os programas e orientacións que lles prescriban.*
- Evitar traer á nena/veno se amosa síntomas dalgún proceso vírico coma gripe, catarro, procesos febrís, tanto polo seu ben como polo ben do resto das/dos usuarias/usuarios deste servizo.*
- Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais, participando activamente no proceso que xere a intervención social na que sexan destinatarias.*
- Participar de xeito activo no seu proceso de mellora, autonomía persoal e inserción social.*
- Observar os regulamentos e normas de funcionamento ou convivencia do centro cando utilicen as instalacións.*
- Cambio no domicilio familiar habitual que implique residencia fóra do ámbito do Concello de Cangas.*
- Idade cronolóxica, unha vez que o/a neno/nena cumpra a idade límite de asistencia.*

11. SISTEMA DE BAIXA

O/a neno/nena poderá causar baixa por algunha das causas seguintes:

- Renuncia escrita do pai, nai ou representante legal.*
 - Baixa asistencial, unha vez que se acadan os obxectivos evolutivos previstos ou por derivación a outros servizos.*
 - A non xustificación de 3 faltas de asistencia ás sesións ou citas. Logo de transcorrer un mes dende a última cita programada tramitarase a correspondente baixa de oficio.*
 - Cando se intente comunicar cunha familia e esta comunicación non sexa posible procederase a facer as chamadas telefónicas en diferentes horarios ata as 3 chamadas, se ás 3 chamadas non fora posible a comunicación coa familia, mandarase unha carta ao domicilio dando un prazo de un mes para comunicarse co centro desde a recepción da carta.*
- Calquera información, suxestión ou dúbida que teñan deberían poñela no noso coñecemento.*

Asinado

Nai/pai/representante legal".

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

“SAT CONCELLO DE CANGAS

GUÍA DE USUARIOS/AS - CONTRATO ASISTENCIAL

1. IDENTIFICACIÓN E TITULARIDADE DO SERVIZO

O funcionamento deste servizo encuadrase dentro do decreto 183/2013, do 5 de decembro por o que se crea a Rede galega de Atención temperá e do protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá publicado pola Xunta de Galicia.

A atención deste servizo centrase en varias ubicacions (Edificio Xoia: Rúa Andalucía Nº3 Baixo e na Piscina Municipal "A Balea", así como atención domiciliaria).

Teléfono: 986 39 22 66 Correo electrónico: atencion.tempera@cangas.gal

2. SERVIZO: DEFINICIÓN E CARACTERÍSTICAS

Este servizo ten por obxectivo apoiar o desenvolvemento infantil e a inclusión sociofamiliar dos nenos e as nenas de 0 a 6 anos que o precisen, mediante a realización de intervencións preventivas e asistenciais de atención temperá dirixidas ao propio neno ou nena, á súa familia e ao seu contorno.

3. DURACIÓN DOS SERVIZOS

A duración do servizo será a que precise cada neno/a e estenderase ata que as necesidades plantexadas nos plans de intervención personalizados (PPI) sexan superadas; ou, en todo caso, cando cumpra 6 anos, de acordo coa norma establecida no Decreto 183/2013 de 5 de decembro, polo que se crea a Rede Galega de Atención Temperá. A actuación poderá estenderse ata que finalice o curso escolar no que o/a menor cumpra os 6 anos. Será prioritaria a atención aos nenos/as máis cativos/as, con grave afectación evolutiva ou que non dispoñan doutros medios asistenciais axeitados no seu contorno inmediato.

4. FUNCIONES

As funcións do Servizo de Atención Temperá son as seguintes:

- Acollida, valoración evolutiva e intervención interdisciplinaria dos nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos ou situacións vulnerables do desenvolvemento.*
- Apoio emocional, social, informativo e formativo á familia relacionado coa información diagnóstica ou co trastorno do desenvolvemento.*
- Información, orientación e apoio relacionado co desenvolvemento persoal e as necesidades cotiás.*
- Orientación sobre outros apoios económicos, sanitarios, educativos e sociais.*

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

- *Coordinación cos recursos sanitarios, educativos e sociais e apoio ás escolas infantís de primeiro e segundo ciclo.*
- *Análise de contextos e itinerarios con identificación de factores facilitadores e barreiras.*
- *Sensibilización do contorno comunitario respecto da comprensión do desenvolvemento infantil.*

5. PERSOAL

O servizo dispón de profesionais con formación en desenvolvemento infantil e apoio familiar que cobren as áreas propias do Servizo de Atención Temperá. 1 Pedagoga, 1 Fisioterapeuta Pediátrica e 1 Mestra en Audición e Linguaxe.

6. NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

- O servizo dispón dun horario de información e atención ás familias, tras cita previa. Para falar co equipo deberase pedir cita solicitándoa cando traian á nena/o ou en horario de Martes e Xoves de 14:30 a 15:30 (986.39.22.66), as reunións teránse cos tres profesionais que forman o servizo. O horario de atención directa á familia e ao neno ou nena será sempre en función das horas acordadas entre a familia e o servizo, e será realizado polo equipo multidisciplinar.

- Os/as familiares dos/as usuarios/as deberán permanecer nas instalacións donde se levan a cabo as sesións durante dita intervención. Necesitarase da participación activa da familia para acadar o éxito do proceso de intervención, polo tanto, deberanse seguir as pautas de estimulación dadas polo equipo multidisciplinar.

- O mantemento e a frecuencia horaria na atención ao neno/a e á familia estará suxeito á capacidade do servizo e á súa dispoñibilidade horaria.

- Os cambios ou modificacións no réxime de asistencia ao centro deberán informarse á familia coa máxima antelación. No caso de superar as 3 faltas de asistencia sen xustificar (se a falta é por enfermidade deberá traer xustificante médico) procederase os trámites para dar a baixa da nena/o neste servizo. Os trámites neste caso serían: informarlles as 2 faltas e, tras a terceira, notificaríase por carta a baixa no servizo.

· NORMAS DA TERAPIA ACUÁTICA:

- Os/as usuarios/as manterán limpas as instalacións, utilizando as papeleiras do recinto.

- Os/as usuarios/as respetarán e coidarán o material deportivo, mobiliario, así como a totalidade das dependencias.

- Está prohibido comer e fumar nas instalacións.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

- Os/as usuarios deberán comezar e finalizar puntualmente o disfrute das instalacións, respectando os horarios de apertura ao peche das mesmas, deberán estar 15 minutos antes da sesión.

- As chaves das taquillas non se poderán sacar fóra das instalacións.

- Para acceder ás instalacións será imprescindible que os/as usuarios/as leven o carné de usuario.

- En caso de que o/a usuario/a presente algún proceso febril, vírico, feridas, infeccións, ou calqueira patoloxía fácilmente transmitible pola auga, absténganse de traelos/as as sesións de terapia. Previamente informar á responsable da área de fisioterapia.

- A dirección e xestión non se fai responsable dos danos, lesións ou accidentes que poidan ter os/as usuarios/as nas instalacións, e en caso de que a lesión sexa por negligencia do persoal ou defectos da instalación, estes incidentes deberán ser comunicados antes de abandonar a mesma. A entidade que preste o xestione o servizo disporá dun seguro que cobre a responsabilidade civil derivada da súa actividade.

- Non se permite a entrada con bicicletas, patíns, monopatíns, animais, envases e obxectos de cristal, así como outros obxectos que, a criterio da Dirección da instalación, sexan inaxeitados.

- O uso das instalacións debe facerse coa roupa e calzado adecuado (Traxe de baño/neopreno, gorro de baño, chanclas e toalla, no caso de non haber control de esfínteres os/as usuarios/as deberán empregar pañales de auga posto que na piscina non poden introducirse materiais empregados para a contención non adaptados para medio acuático como é o caso do pañal normal ou as compresas, salvaslips...).

- Prohíbese a realización de fotos e gravacións, sen autorización, en base á Lei Orgánica de Protección de Datos.

- Os/as usuarias que non vaian a asistir as sesións de terapia acuática deberán avisar con antelación ao teléfono 986392266.

· **NORMAS DAS VISITAS DOMICILIARIAS:**

- Avisarase coa suficiente antelación de dita visita, no caso de non poder estar se deberá avisar cunha antelación de dous días posto que a disposición do horario é mais ampla neste caso.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

- Ditas intervencións serán realizadas por dous ou mais profesionais de servizos sociais, previamente informado.

7. RÉXIME ECONÓMICO

O Servizo de Atención Temperá non estará suxeito a contraprestación económica por parte das persoas e as familias que o reciban.

8. MECANISMOS DE INFORMACIÓN

O centro facilitará as familias toda aquela información que sexa de interese para o/a seu neno/a.

9. DEREITOS

Os dereitos das persoas beneficiarias son os legalmente establecidos e recoñecidos segundo a lexislación que regula os servizos sociais. Así mesmo, todas as persoas, en tanto que usuarias dos servizos, terán os seguintes dereitos:

- Utilizar o servizo en condicións de igualdade e sen discriminación por razón de raza, sexo, orientación sexual, estado civil, idade, ideoloxía ou crenza.*
- Recibir un trato acorde á dignidade da persoa e ao respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, tanto por parte do persoal como das persoas implicadas no servizo.*
- Unha intervención individualizada e grupal acorde coas súas necesidades específicas, para conseguir o seu desenvolvemento integral.*
- Recibir información de xeito áxil, suficiente e veraz, e en termos comprensibles.*
- Confidencialidade, sigilo e respecto en relación cos seus datos persoais e a información que sexa coñecida polo servizo en razón da intervención profesional, sen prexuízo do posible acceso a estes no exercicio dunha acción inspectora, de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.*

10. DEBERES

O pai, nai ou titor/a teñen os seguintes deberes:

- Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso ao servizo, facilitando a información precisa e veraz sobre a unidade familiar, os informes do Sergas, colexio ou gabinete privado, e comunicando as variacións que experimenten estas.*

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

- *Informar ao equipo multidisciplinar sobre os tratamentos paralelos que se inicien noutros servizos, posto que non se poderán duplicar as áreas de tratamento.*
- *Comunicar ao persoal de referencia coa máxima antelación posible calquera cambio significativo de circunstancias que puidese implicar a interrupción ou modificación substancial da intervención proposta polo servizo.*
- *Respectar os horarios das sesións, esperando na recepción a que cada profesional chame á nena ou neno. Os corredores deberán permanecer baleiros e en silencio, é responsabilidade da familia a atención e coidado dos/as nenos/as no tempo de espera na recepción. Cando os familiares sexan convocados a unha hora e cheguen tarde poden non ser atendidos debido ao funcionamento do servizo e dárselles outra cita. Os/as pais/nais que non teñan cita non serán atendidos durante as sesións de intervención.*
- *Asistir ambos pais/titores as reunións convocadas, e no seu lugar as persoas que convivan co/a neno/a.*
- *Colaborar co persoal encargado de prestarlles a atención necesaria, acudindo ás entrevistas con el e seguindo os programas e orientacións que lles prescriban.*
- *Evitar traer á nena/o se mostra síntomas dalgún proceso vírico coma gripe, catarro, procesos febrís, tanto polo seu ben como polo ben do resto das usuarias/os deste servizo.*
- *Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais, participando activamente no proceso que xere a intervención social na que sexan destinatarias.*
- *Participar de xeito activo no seu proceso de mellora, autonomía persoal e inserción social.*
- *Observar os regulamentos e normas de funcionamento ou convivencia do centro cando utilicen as instalacións.*
- *Asinar a documentación requerida polo servizo (solicitudes, contrato asistencial, follas de asistencia, PPIs, etc.)*

11. SISTEMA DE BAIXA

O/a neno/a poderá causar baixa por algunha das causas seguintes:

- *Renuncia escrita do pai, nai ou representante legal.*
- *Baixa asistencial, unha vez que se acadan os obxectivos evolutivos previstos ou por derivación a outros servizos.*
- *A non xustificación de 3 faltas de asistencia ás sesións ou citas. Logo de transcorrer un mes dende a última cita programada tramitarase a correspondente baixa de oficio.*
- *Cando se intente comunicar con unha familia e esta comunicación non sexa posible procederase a facer as chamadas telefónicas en diferentes horarios ata as 3 chamadas, si as 3 chamadas non fora posible a comunicación coa familia, mandarase unha carta ao domicilio dando un prazo dun mes para comunicarse co centro dende a recepción da carta.*

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

- Cambio no domicilio familiar habitual que implique residencia fóra do ámbito do Concello de Cangas.

- Idade cronolóxica, unha vez que o/a neno/a cumpra a idade límite de asistencia.

Calquera información, suxestión ou dúbida que teñan deberían poñela no noso coñecemento.

Asinado

Nai/pai/representante legal"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente as normas da Aula de Estimulación e do Servizo de Atención Temperá do Concello de Cangas transcritas anteriormente.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

Documento asinado electronicamente á marxe.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850